



ACORDO DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA POLO QUE SE AMPLÍA A EDICIÓN DE DISTINTOS CURSOS DE LINGUA GALEGA PREPARATORIOS DAS PROBAS PARA OBTEN OS CERTIFICADOS DE LINGUA GALEGA CELGA 2, CELGA 3 E CELGA 4

ANTECEDENTES

Ao abeiro da Resolución do 8 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anuncia, con carácter voluntario e gratuíto, a convocatoria de cursos de lingua galega preparatorios das probas para obter os certificados de lingua galega Celga 2, Celga 3 e Celga 4, planificouse o seguinte curso:

- CL420161503001. Concello da Coruña
- CL220162702801. Concello de Lugo
- CL220162705101. Concello de Ribadeo
- CL420163605701. Concello de Vigo

Esta resolución establece na base sétima, punto 3 “Desenvolvemento”, o seguinte: “Os cursos terán un número mínimo de 15 participantes e un número máximo de 30”

O interese da poboación na realización deste curso foi manifestada a través da alta demanda, que supera o número máximo de alumnos por aula establecido na convocatoria.

Tendo en conta que a certificación no sistema Celga é un requisito para moitas das ofertas de emprego público, a Secretaría Xeral de Política Lingüística considera que, na medida das súas posibilidades económicas, persoais e materiais, lle debe facilitar o acceso á formación á maioría posible de persoas interesadas.

Esta ampliación non suporá un incremento económico sobre a planificación prevista, xa que quedará compensada pola anulación doutros cursos establecida na mesma convocatoria por non acadar o número mínimo de alumnos.



Con base no exposto, ACORDO:

1 Realizar catro edicións do seguinte curso:

- CL420161503001. Concello da Coruña

2 Realizar dúas edicións dos seguintes cursos:

- CL420161505801. Concello de Oleiros
- CL220162702801. Concello de Lugo
- CL220162705101. Concello de Ribadeo
- CL420163605701. Concello de Vigo

3 Incluir estas novas edicións na oferta aos profesores

Santiago de Compostela, 12 de agosto de 2016

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez